



## Os presidentes dos consellos consultivos de Castela e León e Galicia reforzan a súa colaboración

**Santiago, 6-07-17.-** O presidente do Consello Consultivo de Galicia, José Luis Costa Pillado, recibiu hoxe na sede do organismo en Santiago de Compostela ao seu homólogo en Castilla y León, Mario Amilivia González, como continuación ao encontro que ambos mantiveran o pasado 27 de febreiro na localidade de Zamora.

Na reunión anticipáronse algunhas particularidades das Jornadas Nacionais de Consejos Consultivos que este ano corresponde organizar á institución galega e que se celebrarán o próximo outono en Santiago. O presidente castelán leonés, quen tivo a experiencia de acoller este congreso no ano 2013, comprometeu a súa presenza na cita galega.

Os dous presidentes abordaron ademais distintas cuestións comúns as dúas institucións na súa condición de supremos órganos consultivos das administracións públicas nos seus respectivos ámbitos territoriais. Mario Amilivia e José Luis Costa analizaron os modelos de funcionamento dos consellos que ambos presiden e intercambiaron información sobre a actividade desenvolvida, tanto en funcións de asesoramento como na emisión de ditames.